



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

CONVOCATORIA SESION PLENARIA ORDINARIA

Notifícasele que, con data 23/03/2026, o Alcalde-Presidente ditou a seguinte resolución con nº 55/2026 que de seguido se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 26 DE MARZO DE 2026.

EXPEDIENTE: 2026/G010/000002

Considerando o disposto nos artigos 21.1 c) e 46,2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o acordo do Pleno da Corporación adoptado na sesión extraordinaria de data trinta de xuño de 2023.

ACORDO:

Primeiro. Convocar a sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar na Casa do Concello o vindeiro día **26 de marzo de 2026 (xoves) ás 12:30 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 04/02/2026, expediente 2026/G010/000001

2º. Aprobación da adhesión ao Convenio de Colaboración de envases lixeiros e papel cartón. Expediente 2026/A006/000004.

3º. Aprobación da adhesión ao Convenio de Colaboración entre Xunta de Galicia e Fegamp, de Administración Dixital. Expediente 2026/A006/000006.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

4º. Decretos da Alcaldía e comunicacións.

5º. Mocións de urxencia.

6º. Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar este decreto aos/ás Srs./Sras. Concelleiros/as e publíquese no taboleiro de anuncios do Concello.

Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde en función Manuel Ferreiro Marzoa, ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.”

Comunícasele isto para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, e fágolle saber que este acordo é definitivo na vía administrativa e que contra el poderá formular un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a esta notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña na forma prevista pola Lei reguladora da dita xurisdición, do 13 de xullo de 1998. Tamén poderá interpor, con carácter potestativo e previo ao expresado recurso contencioso-administrativo, un recurso de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que reciba esta notificación, en cuxo caso non poderá interpor o recurso contencioso-administrativo se non é dentro dos prazos fixados pola mencionada lei, desde que lle sexa notificada a resolución expresa ou desde que se produza a



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

desestimación presunta do recurso de reposición interposto; esta desestimación presunta producirase se transcorre un mes sen que se ditase e notificase a resolución do recurso de reposición. Porén, advírtolle que poderá utilizar calquera outro recurso se o cre conveniente.

En Frades, firmado dixitalmente na data da sinatura que figura na marxe.

A SECRETARIA:

Asdo.- María Lourdes Castro Pena